

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/11/2020 10:27:02
SAIDA 13093/20



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 91/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito presentado polo interesado na oficina de Correos o 24 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito na oficina de Correos, dirixido ao *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, referente á identificación dos funcionarios e o persoal laboral que formaron parte, en representación das citadas administracións públicas, no Tribunal Cualificador das probas de selección de persoal do Consorcio da Zona Franca de Vigo (Pontevedra) para cubrir una praza de Técnica/o xurídica/o da oferta de emprego público do 2018.

O referido *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, remitiu a reclamación á Comisión da Transparencia de Galicia por considerala competente para resolver, reclamación que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de agosto de 2020.

O reclamante indicaba que con data do 2 de xuño de 2020 solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra e ao Concello de Vigo a identificación dos funcionarios ou persoal laboral que formaron parte, en representación das citadas Administracións Públicas, do Tribunal cualificador das probas de selección de persoal do Consorcio da Zona Franca de Vigo, na Oferta de Emprego Público de 2018, para cubrir unha praza de Técnico/a Xurídico, sen obter resposta á súa solicitude.

Ao solicitante se lle requiriu a acreditación da súa identidade. Con data do 4 de setembro de 2020, remite copia do seu DNI.

Segundo. Con data do 2 de setembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo e á Deputación Provincial de Pontevedra para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegasen informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude polas dúas administracións foi o 3 de setembro de 2020.

Terceiro. Con data do 14 de setembro de 2020 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que os datos sobre os tribunais de selección dos procesos selectivos do Concello de Vigo son obxecto de publicidade activa tanto nos boletíns oficiais como na Sede Electrónica na sección "Ofertas de Emprego". Porén o tribunal sobre o que se require información non é de ningún proceso selectivo organizado, nin que ten como destino o Concello de Vigo. Se trata dun proceso selectivo organizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo e ao tratarse doutra entidade xurídica con personalidade propia e competencias de seu, sendo un proceso selectivo propio, é esta institución á que terá a información sobre os membros que compuxeron o tribunal concretado.

O Concello informa que si é certo que persoal do Concello de Vigo ten participado e colaborado en procesos selectivos doutras administracións, pero no que corresponde a este proceso concreto, non existe petición formal algunha do Consorcio Zona Franca de Vigo (Pontevedra), solicitando a colaboración de persoal municipal para o tribunal cualificador de referencia. Consta no expediente resolución do 7 de setembro de 2020, pola que se resolve a solicitude de acceso á información, na que se acorda a remisión da solicitude ao Consorcio Zona Franca de Vigo por considerar que é o órgano competente para resolver.

Cuarto.- con data do 9 de outubro de 2020, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo informa da Deputación Provincial de Pontevedra no que comunica que non tramitou ningunha proposta de nomeamento de persoal para formar parte do Tribunal do proceso selectivo de referencia, e non deu resposta á devandita petición de información por tratarse dun

expediente alleo á Administración Provincial; entendendo que sería o Consorcio da Zona Franca de Vigo, como Organismo responsable do proceso selectivo, quen debe identificar aos membros do Tribunal designados única e exclusivamente por dito Organismo.

Así mesmo informa que a funcionaria [REDACTED] técnica de Admón. Xeral-Grupo A1 e [REDACTED] desta Deputación Provincial, formou parte do devandito tribunal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Vigo non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo dun mes dende a solicitude, establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón con data do 7 de setembro, unha vez que o interesado tiña presentada a súa reclamación, e non consta que a Deputación Provincial de Pontevedra resolvese expresamente a solicitude, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou ao Concello de Vigo e á Deputación Provincial de Pontevedra, a identificación dos funcionarios e o persoal laboral que formaron parte, en representación das citadas administracións públicas, do Tribunal Cualificador das probas de selección de persoal do Consorcio da Zona Franca de Vigo para cubrir una praza de Técnica/o xurídica/o da oferta de emprego público do 2018. A información solicitada, debe considerarse información pública de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016.

O Concello de Vigo resolveu expresamente con data do 7 de setembro de 2020, fóra de prazo, a solicitude de acceso á información. De acordo coa información remitida e coa resolución ditada, o Concello de Vigo non designou representante nese tribunal. O proceso selectivo non esta organizado polo Concello, dado que se trata dun proceso selectivo organizado polo Consorcio Zona Franca de Vigo, e ao tratarse doutra entidade xurídica con personalidade propia e competencias de seu, debe ser esta institución á que debe proporcionar a información solicitada.

O Concello informa que en relación a este proceso concreto, non existe petición formal algunha, por escrito ou documentada do Consorcio Zona Franca de Vigo solicitando a colaboración de persoal municipal para o tribunal cualificador de referencia. De acordo co anterior, considérase correcta, aínda que fóra de prazo a resolución do Concello de Vigo na que se acorda a remisión da solicitude ao Consorcio Zona Franca de Vigo por considerar que é o órgano competente para resolver en aplicación do artigo 19.1 da Lei 19/2013.

Respecto da Deputación Provincial de Pontevedra, informa que tampouco tramitou ningunha proposta de nomeamento de persoal para formar parte do Tribunal do proceso selectivo e considera que debe ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, como Organismo responsable do proceso selectivo ao que fai referencia o interesado, quen debe identificar aos membros do Tribunal designados única e exclusivamente por dito Organismo. Así mesmo informa que unha funcionaria da deputación, formou parte do dito tribunal. Neste caso, a Deputación Provincial debeu resolver expresamente, remitindo a solicitude ao Consorcio, en cumprimento do disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013.

A Deputación Provincial de Pontevedra non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Vigo e estimar a reclamación presentada contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada ante a Deputación Provincial de Pontevedra, referente á identificación dos funcionarios e o persoal laboral que formaron parte, en representación das citadas administracións públicas, no Tribunal Cualificador do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Segundo: Instar a Deputación Provincial de Pontevedra, a que, en cumprimento do disposto no artigo 19.1, resolva expresamente a solicitude presentada e a remita ao Consorcio da Zona Franca de Vigo para a súa resolución.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.29 18:09:57 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia